

PLAN DIXITAL

[CEIP da Barqueira]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

1.1.Datos básicos do centro

Denominación_____CEIP da Barqueira.

Dirección_____Felgosas s/n.

Correo electrónico_____ceip.barqueira@edu.xunta.gal

Páxina web_____ <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbar-queira/>

O CEIP da Barqueira está situado no lugar do Alto dos Carrís, parroquia de A Barqueira, concello de Cerdido. A el asisten nenos e nenas das tres parroquias que compoñen este Concello (A Barqueira, Cerdido e Os Casás) e tamén dos Concellos limítrofes de Cedeira e Moeche.

O concello ten unha extensión de 52,9 km e o número de habitantes (2014) é de 1249 (actualmente non dispoñemos do dato exacto). Os concellos limítrofes son: Cedeira, Somozas, Moeche, Valdoviño e Ortigueira.

Actualmente o centro ten un total de 49 nenos e nenas, divididos en catro aulas, tres de EP e unha de EI. Hai un total de 8 docentes, mais con centro base aquí son seis.

1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

-Infraestructura social no municipio

- * Casa do Concello

- * Centro de Saúde (médico, A.T.S. e pediatra)

- * Farmacia

- * Feira mensual

- * Cooperativa do Campo de A Barqueira: elaboración de pensos, recollida de leite , comercialización de produtos agrícolas, etc.

- * Casa da Cultura.

- * Area recreativa "O Castro" : polideportiva, piscina, barba-coas,sala de exposicións.

-Comunicacións

A parte das vías de comunicación xa detalladas anteriormente, tódolos pequenos núcleos rurais teñen pistas locais ou forestais.

Carécese de transporte público dentro do municipio, o que hai cara a fóra é moi escaso.

Tódalas parroquias teñen teléfono.

A dispersión demográfica fai que a maioría do alumnado non manteña relacións extraescolares, dándose o caso de que nalgún lugar só viven os dunha familia.

O colexio é o Centro de reunión e convivencia principal de tódolos nenos, tendo en conta a utilización maioritaria do comedor.

Os problemas de comunicación e dispersión poboacional fan que a organización de servizos educativos e actividades extraescolares teñan serias dificultades, o que leva a diferencias con nenos de núcleos urbanos.

-Vivenda

A vivenda soe ser de tipo unifamiliar e illada, con moitos grupos de 4 ou 5 casas.

-Cultura e formación dos pais

Algúns non dispoñen de graduado escolar e só uns poucos contan con estudos medios ou superiores.

Este índice tende a mellorar xa que na actualidade a maioría dos alumnos/as ao rematar a ESO continúan cos estudos de Bacharelato e Ciclos Formativos, chegando aos estudos superior unha porcentaxe bastante significativa.

-Aspecto relacionados co ensino dixital:

No que as familias se refire, cómpre destacar que non posúen boa conectividade nas súas casas, por non haber boa conectividade na zona. A nivel xeral, a conexión á rede realízase a través de datos e de dispositivos móbiles, máis todos posúen ordenador (non todos con acceso a internet).

-Uso das TIC en relación aso plans de centro.

O centro participa nos seguintes plans relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación:

-Abalar: espazo abalar/abalar móbil. Utilízase para a comunicación coas familias.

-Edixgal: o que proporciona ordenadores a todo o alumnado de 4º,5º e 6º de EP.

-Digicraft: que proporciona material dixital múltiple.

-Iniciación á robótica educativa en primaria: proporciona robots e acceso á súa programación.

-Biblioteca creativa: con impresora 3d, videoxogos e robots.

-Radio na biblio: con acceso ao uso da radio e da súa infraestrutura.

-Plambe: o que permite o acceso ao alumnado a libros electrónicos, videoxogos e ordenadores con conexión wifi.

Este Plan Dixital, preténdese que contribúa ao desenvolvemento do Proxecto Educativo no que a fomento do uso das TICs se refire (apartado 13 do documento), a través da realización dunha liña de traballo na que se deseñen e leven á práctica actividades TIC co alumnado neste eido. Do mesmo xeito, o fomento da lectura e a cooperación entre o alumnado estará tamén incentivada a partir de actividades TIC deseñadas cun corte constructivista e cooperativo.

Deste modo, relaciónase tamén co Plan de Integración das TIC, no que a desenvolvemento deste tipo de actividades e no que ao uso de tecnoloxías nas aulas se refire, tales como: pizarras dixitais, ordenadores para o alumnado e o profesorado, proxectores, robots...

Contribuirase tamén á PXA do centro, dentro da mesma existe un apartado no que se aborda este punto.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa aplicable utilizada para a elaboración do Plan Dixital é:

-Art.111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006 de 3 de maio de Educación.

-Disposición adicional quinta na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

-Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan

as instruccións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

-Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se editan as instruccións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Segundo a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se editan as instruccións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, comezouse cunha convocatoria de claustro onde se debatiu a importancia de realización do PD e explicouse brevemente os tempos no que se ía levar a cabo. Posteriormente procedimos facer a enquisa SELFIE, para despois analizar os datos obtidos da mesma. Do mesmo xeito, realizouse a enquisa CDD e despois analizáronse os datos obtidos. Destas análises concluíuse a necesidade de abordar un PD ambicioso e feito de maneira rigurosa. A partir das nosas debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas (DAFO), deseñamos un board que reflexase as mesmas, e, a partir destas analizamos, debatimos e expuxemos obxectivos necesarios e as accións a levar a cabo para conseguilos a través do Plan de Acción. Cómpre destacar que estas accións foron desenvolvidas por todo o Claustro, dado que como somos un centro moi pequeno o Equipo de Dinamización do Plan Dixital está so composto pola dirección do centro.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Actualmente, a estrutura dixital do centro a nivel de conectividade, de voz e de datos é boa. As conexións son vía wifi en todas as aulas e na sala de mestres e mestras, mais non no despacho de Dirección, cuas conexións son con cable.

Unha aula de titoría, das catro do centro, conta con pizarra dixital, dúas contan con proxector e unha delas non conta con nada. Todas teñen ordenador do profesorado e unha delas conta con ordenador para o alumnado porque está inmersa no proxecto E-dixgal. Do mesmo xeito, as aulas de

Inglés e a de Relixión Católica contan con proxector e a primeira tamén con pizarra dixital, así como unha das estancias de Biblioteca Escolar, que conta con pizarra dixital.

No referente a ordenadores portátiles, o centro (ademáis dos de E-dixgal xa nomeados, que son 15) conta con tres (operativos) para o uso do alumnado e na sala de mestres contamos con un operativo (non portátil). Cómpre destacar que na sala de mestres hai máis ordenadores, pero non funcionan axeitadamente.

En canto a servizos dixitais corporativos para a xestión docente contamos con: web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóbil.

No seguinte enlace pódense consultar os protocolos do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarqueira/taxonomy/term/71>

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	4.3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.2
	Profesorado	4.3
	Alumnado	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.8
	Profesorado	4.4
	Alumnado	4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	4
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	4.1
	Alumnado	4.3

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>0</u>	
DESPLAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,8	<u>Integradora (B1)</u>	76,5	<u>Integradora (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>60,8</u>	<u>Exploradora (A2)</u>	68,2	<u>Integradora (B1)</u>
PRIM	<u>85</u>	<u>Integradora (B1)</u>	77	<u>Integradora (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	<u>0%</u>
A2	<u>3</u>	<u>60%</u>
B1	<u>1</u>	<u>20%</u>
B2	<u>1</u>	<u>20%</u>
C1	<u>0</u>	<u>0%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0%</u>
TOTAL	5	100%

2.2. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2. No noso centro existen dispositivos dixitais que poden utilizarse no ensino porque o persoal docente se implica na participación de proxectos que proporcionan material TIC.	
	PERSOAL DOCENTE	B2. No noso centro si existe reflexión sobre as TIC. F3. No noso centro utilízanse as TIC para fomentar a creatividade do alumnado. E1. O profesorado do centro busca recursos en liña a través de diferentes fontes.	D1. O profesorado ten acceso a cursos de formación en relación ás TIC mais considera que non ten horas suficientes para formarse en todos os aspectos que considera necesarios e levar a cabo unha axeitada práctica docente. D.3. No noso centro é insuficiente o intercambio de experiencias entre o profesorado. E.2. No noso centro é insuficiente a creación de recursos dixitais para reforzar a labor de ensino. E.3. No noso centro non todas as aulas utilizan entornos virtuais para de aprendizaxe co alumnado.

			<p>F.1. A adaptación do método de enseñanza ás necesidades individuais é insuficiente.</p> <p>F.4. No noso centro non todas as aulas realizan actividades dixitais que implican ao alumnado.</p> <p>G.3. Non se utilizan TIC para facilitar a retroalimentación axeitada ao alumnado.</p> <p>G.5. Non se utilizan TIC para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G.1. Non se utilizan TIC para avaliar as capacidades do alumnado.</p> <p>G.6. Non se utilizan as TIC para que o alumando poida realizar observacións constructivas sobre o traballo dos demais.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>H4. O alumnado si que aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa, corroborándoa en, a lo menos, dúas fontes.</p> <p>H8. O alumnado si aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.</p> <p>H3. No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet.</p>	<p>F5. No noso centro non se utilizan as TIC para fomentar a cooperación entre o alumando.</p>
	FAMILIAS	<p>E4. A comunicación coas familias realízase principalmente a través de medios tecnolóxicos como abalar móbil ou os correos electrónicos corporativos.</p>	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A3. O noso equipo directivo apoia ao profesorado á hora de probar novas formas de enseñanza a través das TIC.</p> <p>A2. O noso equipo directivo involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital.</p>	<p>A1. No noso centro non contamos cunha estratexia dixital.</p> <p>C7. No noso centro non existe ningunha política de protección de datos, mais si se cumpre estrictamente o protocolo de protección de datos editado pola Xunta de Galicia e as leis nas que se ampara.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>C3. No noso centro facilítase o acceso a internet para o proceso de ensino aprendizaxe.</p>	<p>H7. O alumnado non aprende a crear contidos nin a comunicarse usando TIC xa que os recursos humanos para levar a cabo esta tarefa (e as demais que hai que realizar no proceso de ensino aprendizaxe) son insuficientes.</p> <p>C5. A asistencia técnica é insuficiente.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		<p>B3. Apenas existe colaboración coa ANPA do centro.</p>
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir dos datos recollidos no DAFO do centro levamos a cabo un proceso de definición e selección de obxectivos para a incorporación ao Plan Dixital.

Os obxectivos propostos son os seguintes:

1. Involucrar ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital.
2. Fomentar novas formas de ensino a través das TIC.
3. Participar en proxectos que proporcionen material TIC.
4. Utilizar medios electrónicos corporativos para a comunicación coas familias.
5. Mellorar as relacións de colaboración coa ANPA.

Nas táboas seguintes expoñemos os indicadores para valorar a consecución dos obxectivos, a identificación das persoas que realizarán a avaliación dos mesmos, os recursos e as accións necesarias para alcanzalos.

Plan de acción.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Liderazgo						
OBXECTIVO 1: (1)	1. Involucrar ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital.				Acadado	
Responsable:	Dirección				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	0 profesorado plantexa e elabora actividades e recursos que forman parte da estratexia dixital.					
Valor de partida: (3)	0 0% do profesorado participa no desenvolvemento da estratexia dixital.					
Valor previsto e data: (4)	0 80% participa no desenvolvemento da estratexia dixital.			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A 1.1: Convocatoria de claustro para analizar o grado de implicación do profesorado na estratexia dixital.	Dirección	Setembro	Profesorado Conexión a internet Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 1.2: Deseño e elaboración de actividades e recursos para o desenvolvemento da estratexia dixital.	Claustro	2º Trimestre	Profesorado AV/Edixgal Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 1.3: Emprego e posta en práctica das actividades e recursos.	Claustro	3º Trimestre	Ordenadores Conexión a internet Alumnado Profesorado AV/Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo/ Implementación na aula						
OBXECTIVO 2: (1)	2. Fomentar novas formas de ensino a través das TIC.				Acadado	
Responsable:	Dirección				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Creación dun grupo de traballo para o uso das TIC nas aulas desde diferentes perspectivas (constructivista, cooperativa, de uso responsable de internet e contraste de fontes, creativas, de avaliación) e publicación das mesmas na AV/E-dixgal. Participación do profesorado nas actividades.					
Valor de partida: (3)	Non existe grupo de traballo.					
Valor previsto e data: (4)	Existencia dun grupo de traballo.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A 2.1: Solicitud e creación dun PFPP cunha liña de traballo de creación de recursos TIC.	Dirección Asesores CAFI/CFR Coordinador PFPP	1º trimestre	Solicitud Conexión a internet Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 2.2: Creación de recursos dixitais adaptados aos currículos das diferentes etapas.	Claustro	3º Trimestre	Profesorado Internet Dispositivos para profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 2.3: Posta en práctica na aula das actividades creadas no grupo de traballo.	Claustro	3º Trimestre	Profesorado Alumnado Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 2.4: Publicación en AV/Edixgal dos recursos dixitais adaptados ao currículo e creados polo profesorado.	Coordinador TIC	3º Trimestre	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructura e equipos.						
OBXECTIVO 3: (1)	3. Participar en proxectos que proporcionen material TIC.				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de proxectos nos que participa o centro que proporcionan material TIC.					
Valor de partida: (3)	2 proxectos nos que se participa nos que nos dan material TIC					
Valor previsto e data: (4)	2 proxectos nos que participe o centro que proporcionen material			3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A 3.1: Revisión periódica das páxinas onde se convocan os proxectos.	Dirección Coordinador PFPP	1º trimestre	Conexión a internet Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 3.2: Solicitude de proxectos e PFPP necesarios para o seu desenvolvemento.	Dirección Asesores CAFI/CFR Coordinador PFPP	1º Trimestre	Solicitude Internet Dispositivos para profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 3.3: Deseño e desenvolvemento das actividades do proxecto.	Coordinador TIC	3º Trimestre	Ordenadores Conexión a internet Recursos educativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 3.4: Realización da memoria final	Coordinador de cada proxecto	3º Trimestre	Ordenadores Conexión a internet Memoria final		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Apoyos y recursos						
OBXECTIVO 4: (1)	4. Utilizar medios electrónicos corporativos para a comunicación coas familias.				Acadado	
Responsable:	Dirección				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Porcentaxe de profesorado que utiliza aplicativos corporativos para a comunicación coas familias.					
Valor de partida: (3)	25% do profesorado utiliza aplicativos corporativos.					
Valor previsto e data: (4)	50% do profesorado utiliza aplicativos corporativos.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A 4.1: Reunión coas familias onde se expliquen as vías de comunicación existentes e o seu funcionamento.	Claustro	1º trimestre	Aula Familias Profesorado Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 4.2: Solicitud e creación dun PFPP en línea con “Escola de Pais” para que aprendan o uso das mesmas.	Dirección Asesor CAFI/CFR Persoa coordinadora do PFPP	1º trimestre	Conexión a internet Ordenadores Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 4.3: Utilización, por parte da comunidade educativa, dos medios electrónicos oficiais propostos para as comunicacións.	Profesorado Familias	3º Trimestre	Ordenadores Conexión a internet Abalar móbil AV/Edixgal Correo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos.						
OBXECTIVO 5: (1)	5. Mellorar as relación de colaboración coa ANPA.				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de actividades TIC que se realizan coa implicación da ANPA.					
Valor de partida: (3)	1 actividade TIC extraescolar realizada coa implicación da ANPA.					
Valor previsto e data: (4)	2 actividades TIC realizadas coa implicación da ANPA.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A 5.1: Reunión coa ANPA onde se explique a importancia da relación familia/escola e a participación no proceso de ensino/aprendizaxe.	Claustro	1º trimestre	Aula Familias Profesorado Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 5.2: Proposta de actividades a realizar coa ANPA.	Dirección ANPA	1º Trimestre	Aula Ordenadores Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A 5.3: Desenvolvemento das actividades (axeitadas) TIC propostas pola ANPA.	Profesorado Familias	3º Trimestre	Ordenadores Conexión a internet Recursos educativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e infraestructuras tecnolóxicas.

-Estrutura dixital.

Infraestructura de datos: a conectividade necesaria para o desenvolvemento da labor docente é axeitada en case todas as aulas. É certo que, en ocasións é deficiente nas aulas de primeiro, segundo e terceiro de primaria, así como nunha das aulas de EI.

Infraestructura de voz: a nivel de telefonía tivemos erros no funcionamento da mesma ao longo do curso 2022/2023. Mais en xeral acostuma a ser axeitada.

Conexións cableadas: a rede funciona a través da wifi, en xeral, de forma rápida.

Os servizos dixitais que se utilizan son: sistema operativo de windows, linux, ubuntu y mac.

-Equipamento.

Para a realización das funcións docentes o profesorado conta cunha aula (a de 4º,5º e 6º) Edixgal, polo que, quenes dan clase nesta, teñen ordenadores dispoñibles. Por outra banda, na sala de mestres e mestras hai tres ordenadores (todos adquiridos polo centro), dos cales un non funciona, outro funciona pero non ten conexión coa impresora e o terceiro ten conexión wifi e coa impresora pero o sistema operativo está anticuado e ten moi pouca velocidade. Por outra banda, no despacho de dirección hai un ordenador, proporcionado pola Consellería e un portátil mac, adquirido polo centro, para o uso de todo o profesorado e alumnado (procedente dun premio da Consellería).

Nas aulas de EI, de 1º,2º e 3º e de Lingua estranxeira, cóntase cun ordenador en cada unha para o profesorado, todos adquiridos polo centro.

Nas aulas de Relixión Católica e na Biblioteca do Centro cóntase con dous ordenadores para o profesorado, ambos enviados pola Consellería.

En cada unha das aulas de titoría (tres) hai unha dispositivo electrónico, tablet, para o uso tanto do profesorado como do alumnado, adquiridos polo centro.

Para o uso do alumnado, como xa se citou, cóntase cos ordenadores de Edixgal. Do mesmo xeito, na sala de audiovisuais hai ordenadores para o uso do alumnado, dous portátiles e dous de sobremesa enviados pola Consellería (os dous de sobremesa non funcionan) e tres portátiles e un de sobremesa adquiridos polo centro (o de sobremesa non funciona). Na aula de radio contamos con outro ordenador para o funcionamento da mesma, adquirido polo centro coa dotación económica deste proxecto.

Por todo o exposto, considérase necesaria a renovación dos equipos para a aula de audiovisuais do centro, así como a dixitalización de 5 aulas: as aulas de EI; 1º,2º e 3º de EP; 4º,5º,6º de EP; Relixión e audiovisuais. Esta renovación de equipos e dixitalización é imprescindible para realizar correctamente, non só a actividade diaria na aula, senón tamén para programar os robots cos que conta o centro (nove, procedentes dunha dotación económica dun PFPP e da realización do proxecto de “iniciación á robótica educativa en primaria”), para realizar axeitadamente as actividades de digicraft (proxecto no que tamén participa o centro) ou o plan proxecta+ “Nós tamén creamos” (no que tamén se participa), así como outros nos que está inmerso, como os contratos-programa de Edu-sostibilidade e Edu-convives, a Biblioteca Creativa ou a Radio na Biblio. Asimismo, consideramos necesaria unha mellora na conectividade dalgunha das aulas (1º,2º e 3º EP e EI).

O equipamento da sala de audiovisuais está obsoleto, así como o da sala de mestres, que non permite realizar actividades axeitadamente (deseños en 3d para a impresora, etc.) pola lentitude dos mesmo, así como porque a maioría non funcionan.

No que a Servizos dixitais se refire, temos acceso a todas as plataformas corporativas.

4. Avaliación do plan

Trimestralmente farase un seguimento da consecución dos obxectivos, asimismo, non só dos obxectivos senon das distintas accións que se deben desenvolver para acadar os obxectivos. No contexto da avaliación procesual, valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados. No senso da avaliación continua, introduciranse tamén as posibles modificacións das accións propostas, así como as propostas de mellora.

Ao final do terceiro trimestre, realizarase unha avaliación final onde se valorará o logro dos obxectivos, así como as propostas de mellora de cara ao vindeiro ano.

Os responsables da valoración dos distintos obxectivos e accións están indicados dentro do plan de acción. Serán tamén os responsables de facer as modificacións ou propostas de mellora, tendo en conta as opinións e aportacións do claustro de mestres e mestras.

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital presentará unha actualización do Plan Dixital para o curso 2023-2024 tendo en conta os datos de consecución dos obxectivos, valoración das actuacións do plan de acción, propostas recollidas da comunidade educativa, cambios normativos e outros aspectos que se consideren relevantes. A aprobación das modificacións no Plan

Dixital axustaranse ao procedemento establecido para a elaboración do Plan Dixital.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital estará dispoñible para a consulta en aberto no sitio web do centro e enviarase comunicación ás familias e ao profesorado a través da aplicación Abalar móbil.

Será presentado ás familias nas reunións de principios de curso, así como que se exporá no taboleiro do centro o primeiro mes de curso, quedando na sala de mestres de forma permanente para a súa consulta.